



DE DEZANOVE A VINTE

Como podemos facer para que a vinte engadíndolle un nos de dezanove?



O PROBLEMA DA BEBIDA

Seis persoas beben auga. En total bébense 21 vasos. Se cada unha delas bebeu un número diferente de vasos. Cantos vasos de auga bebeu cada unha?





O NOVE E O MIL

Sabes como se obtén o número 1000
empregando cinco veces o número 9?



A XIRAFÁ QUE NON SABÍA NADAR

Como sacar unha xirafa dunha piscina





OS PASTORES E AS OVELLAS

Dous pastores falaron:

-Si ti me das unha ovella das túas,
teriamos a mesma cantidade.

Pero o outro pastor responde:

-Mellor dáme unha das túas, así eu terei
o dobre das que tes ti.

-- Cantas ovellas tiña cada un?



O PROBLEMA DA SEMANA

En que sitio está o domingo antes que o
martes?



ENIGMA DO NÚMERO 1111

Cantas veces se lle podería restar o número 1 ao número 1111?



CCALCETÍNS VERMELLOS E VERDES

Dentro dun caixón Xan garda 6 calcetíns de cor vermella e 6 de cor verde.
Cantos calcetíns deberá sacar Xan do caixón para dispor, polo menos, dun par da mesma cor?



ADIVIÑA OS NÚMEROS

Sara escribiu nun papel tres números consecutivos. Reta aos seus amigos a que adiviñen cales son e, como pista, dilles que a suma dos tres é igual a 27. Que números son?



OS TRENS E A MOSCA

Dous trens están separados por unha distancia de 40 Km. Nun momento dado, os dous empezan a mover un cara o outro. Os dous avanzan a unha velocidade constante de 20 Km por hora. No momento de partir, unha mosca que estaba nun dos trens, ponse a voar en dirección ao outro tren e faino a unha velocidade constante de 15 Km por hora. A mosca para de voar cando os dous trens se cruzan. Cantos Km recorreu a mosca?



QUE NÚMERO SON

Son un número de tres cifras. A suma das tres cifras da 18. A primeira cifra é a metade da segunda e un terzo da terceira.

Sabes que número son?



QUE FAS PARA PARARTE

Estás conducindo o teu coche e circulas a unha velocidade constante. A túa esquerda hai un precipicio. A túa dereita un camión de bombeiros que circula exactamente á túa mesma velocidade. Diante de ti cabalga un porquiño que é máis grande co teu coche. Detrás e a ras do chan síguete un helicóptero, os dous últimos á mesma velocidade ca ti. Que fas para pararte?